



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpicadebergantinos.es](mailto:correo@malpicadebergantinos.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

## ANUNCIO

**Polo presente faise público que por Resolución da Alcaldía nº 367/2026, do 23/06/2026, aprobose a contratación laboral temporal, mediante concurso - oposición, de catro (4) peóns forestais en réxime laboral temporal ao abeiro da subvención concedida pola Deputación Provincial da Coruña no marco dos Programa PEL CONCELLOS 2026.**

**DATA DE PUBLICACIÓN: 23/06/2026**

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

**ASUNTO:** CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO - OPOSICIÓN, DE CATRO (4) PEÓNS FORESTAIS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA NO MARCO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA, INCLUÍDA NA LIÑA 1.1 DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL CONCELLOS 2026).

**EXPEDIENTE:** 2026/E001/000001

Considerando que con data 18/06/2026 ditouse a Resolución da Alcaldía nº 354/2026, pola que se acordaba (cita en extracto da parte resolutiva):

**“Primeiro:** Aceptar a proposta de selección realizada polo tribunal cualificador referido a catro (4) peóns forestais PEL 2026, quedando do seguinte xeito:

| Nº ORDE | APELIDOS E NOME             | DNI       | PUNTUACIÓN TOTAL |
|---------|-----------------------------|-----------|------------------|
| 1       | BAÑA LÓPEZ, JOSÉ MANUEL     | ***5319** | 8                |
| 2       | COUTO REY, ANTONIO          | ***3276** | 8                |
| 3       | VÁZQUEZ LAMAS, IVÁN         | ***9526** | 7,5              |
| 4       | VARELA MARTÍNEZ, MARÍA INÉS | ***2334** | 7                |

**Segundo:** Que os aspirantes seleccionados inicialmente, que figuran a continuación, se sometan ao exame médico que se establece na base 9ª da convocatoria, aos efectos de verificar a súa capacidade funcional para o desempeño do posto de traballo. O resultado deste exame será apto ou non apto. Se algún dos seleccionados inicialmente non supera o exame médico quedará excluído do procedemento.

.../”.

Considerando que a proposta do tribunal cualificador está exposta ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Malpica de Bergantiños dende o 17/06/2026 e que a Resolución de Alcaldía nº 354/2026 de data 18/06/2026 está exposta ao público no taboleiro de anuncios da sede electrónica dende o 18/06/2026 e que no seu apartado cuarto sinala:

**“Cuarto:** Conceder un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación desta resolución na sede electrónica do concello para a presentación de reclamacións ou alegacións.”

Que transcorrido o citado prazo sen que se presentasen reclamacións ou alegacións.

Considerando que os citados aspirantes seleccionados inicialmente teñen superado o referido exame médico e presentada a documentación esixida pola base 10ª que rexe o procedemento de selección/contratación.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento segundo o artigo 42.b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpicadebergantinos.es](mailto:correo@malpicadebergantinos.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

Á vista do exposto, de conformidade coa bases que rexen o procedemento e unha vez que o expediente (fase D) ten sido fiscalizado de conformidade pola intervención municipal, é polo que en uso das competencias/facultades que me atribúe o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

**RESOLVO:**

**Primeiro:** Contratar como persoal laboral temporal, baixo a modalidade contractual para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo parcial, ás persoas que se dirán a continuación, ao abeiro do programa PEL CONCELLOS 2026:

| APELIDOS E NOME             | DNI       |
|-----------------------------|-----------|
| BAÑA LÓPEZ, JOSÉ MANUEL     | ***5319** |
| COUTO REY, ANTONIO          | ***3276** |
| VÁZQUEZ LAMAS, IVÁN         | ***9526** |
| VARELA MARTÍNEZ, MARÍA INÉS | ***2334** |

Obxecto do contrato: Traballos de peón forestal Programa PEL CONCELLOS 2026 que figura na Memoria do servizo asinada no expediente 2025/A008/000034 e o resto da documentación obrante no expediente 2026/E001/000001.

Grupo ou categoría profesional: Peón forestal.

Grupo de cotización á seguridade social: 10 peón.

Código CNAE / letra ocupación: 8411g (letra ocupación g)

Xornada laboral: 30 horas semanais (xornada parcial: 80 % de 37,5 horas semanais).

Que a distribución do tempo de traballo será de 6 horas diarias de luns a venres.

O código de contrato para as contratacións que se formalicen a xornada parcial é o 505.

**Segundo:** Que os contratos teñan unha duración total de 6 meses e 6 días. Dende o 25/06/2026 ao 31/12/2026 (ambos inclusive). Os contratos teñen que finalizar dentro do exercicio 2026, tal como establecen as Bases da subvención da Deputación Provincial da Coruña.

Os salarios de referencia son os establecidos no Real Decreto 126/2026, do 18 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2026 (BOE núm. 44, do 19/02/2026).

Tendo en conta que a xornada de traballo é do 80%, as contías que se sinalan para estes contratos son de 976,80 euros de salario base mensual e 162,80 euros de prorrata de paga extra, o que fai un salario total mensual de 1.139,60 euros.

**Terceiro:** Notificar a presente aos interesados que figuran no parágrafo primeiro e se lles cite para que procedan á sinatura do contrato.

**Cuarto:** Dar traslado do presente aos servizos económicos do concello.

**Quinto:** Facer publica a presente no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

O Alcalde - Presidente

Asinado dixitalmente

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento segundo o artigo 42.b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO  
DE  
MALPICA DE BERGANTIÑOS  
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1  
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS  
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01  
Fax 981 72 16 27  
E-mail: [correo@malpicadebergantinos.es](mailto:correo@malpicadebergantinos.es)  
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

Eduardo José Parga Veiga

CVD: 3TKVsl3XTTmdK2RY6YHk Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. <https://sede.malpicadebergantinos.es/>

*Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento segundo o artigo 42.b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)*